

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	9	315

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A Educación Infantil é unha etapa educativa con identidade propia, que se divide en dous ciclos, e que ten como obxectivo o desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado. Para isto, debemos atender ás tres áreas nas que se organiza e que nos marca o D.150/2022 do 8 de setembro que regula o currículo da EI para a Comunidade Autónoma Galega.

A área de Comunicación e representación da realidade ten como finalidade promover no alumnado as capacidades e destrezas que lle permitan comunicarse e interpretar a realidade mediante diferentes linguaxes (linguaxe oral, linguaxe escrita, linguaxe e expresión musical, linguaxe e expresión plástica e musical, linguaxe e expresión corporal e alfabetización dixital) e formas de expresión como medio para a construción da identidade, representación da realidade e a relación coas demais persoas.

Non obstante, dado o carácter globalizado da etapa, esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).

Para a correcta concreción dos elementos curriculares, establecemos categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa, podendo ser modificada ao longo do curso tendo en conta as realidades educativas de cada persoa e alumnado. En principio, constará de 6 unidades didácticas distribuídas ao longo dos tres trimestres.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1	1	1	1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1	1	1	1	1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1	1	1		
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1	1	1	1	1		
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1	1	1	1	1		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CRISTIN-ARTE	Nesta unidade didáctica imos traballar a expresión e linguaxe plástica visual, de xeito globalizado, como medio de identificación da arte como expresión de sentimentos. Para iso, imos traballar co artista Keith Haring, facendo a representación das súas obras nas diferentes linguaxes.	115	X		
2	COMUNICÁMONOS!	Esta unidade didáctica vaise desenvolver no segundo trimestre e con ela imos a traballar, aínda que de xeito globalizado, a aproximación á lingua escrita e a comunicación verbal-oral a través de diferentes xogos de linguaxe e manipulativos tales como o vexo vexo, adiviñas, rimas, trabalinguas, cancións e diferentes xogos de mesa como o Dobble, así como diferentes actividades en linguaxe extranxeira tales como contos, cancións,...	100		X	
3	MOVENDO O ESQUELETO	Esta unidade didáctica desenvolverase no terceiro trimestre para traballar, de xeito globalizado, a linguaxe e expresión musical por medio de actividades relacionadas co ritmo, con bailes e instrumentos, cancións, etc.	100			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CRISTIN-ARTE	115

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa de maneira activa	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar as súas emocións a través de diferentes obras artísticas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Mostra unha actitude de respecto e interese pola lingua extranxeira e da súa contorna.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Empregar o vocabulario propio das linguas cooficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a lingua estranxeira e as linguas da súa contorna.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Relaciónase cos demais	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na asemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	É quen de interpretar mensaxes	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe oral como regulador.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Produce diferentes tipos de textos	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en contextos da literatura infantil	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	É quen de interpretar obras dramáticas e musicais	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións e ideas a través da arte.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora creacións plásticas	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explora as posibilidades do seu corpo	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	É quen de valorar de forma positiva as producións dos outros	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	É quen de comunicarse creativamente empregando diferentes ferramentas e aplicacións	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	É quen de identificar as normas de uso das ferramentas tecnolóxicas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	COMUNICÁMONOS!	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É quen de interpretar mensaxes.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Mostra unha actitude de respecto e interese cara a lingua extranxeira e as linguas da súa contorna.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participa en situacións de diferentes usos das linguas cooficiais recoñecendo a importancia das dúas	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a lingua estranxeira e as linguas da súa contorna.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na assemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Discrimina sons da lingua	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de manifestar de forma oral mensaxes en diferentes formas de linguaxes indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen en conxunto	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Ten interese por comunicarse mediante códigos escritos valorando a súa función comunicativa	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvolve actividades motrices progresando no control e precisión	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica distintas características textuais	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Acode á biblioteca como fonte de información e goce e banco de recursos con respecto	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Discrimina sons	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos outros	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É quen de interpretar as mensaxes que se transmiten mediante representacións ou manifestacións artísticas ou dixitais entendendo curiosamente a mensaxe do emisor	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Mostra interese polas producións dos demais crítica, respectuosa e empaticamente	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Expresa co corpo mensaxes expresadas noutras linguas	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Entende a intencionalidade das mensaxes artísticas ou dixitais e mostra curiosidade e responsabilidade	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Memorización e recitado de textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Planificación da acción en producións plásticas. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	MOVENDO O ESQUELETO	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	É quen de axustar o seu repertorio comunicativo ao contexto.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Mostra unha actitude de respecto e interese cara a lingua estranxeira e as linguas da súa contorna.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a lingua estranxeira e as linguas da súa contorna.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Relaciónase con normalidade a través da fala	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	É quen de comunicarse en diferentes situacións en lingua estranxeira	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Entende eficazmente as mensaxes e intencións comunicativas dos demais	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica distintas características textuais	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Elabora mensaxes en outras linguaxes	TI
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Desfruta compartindo lecturas	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos e preferencias	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos e opinións.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpreta musicalmente algunhas mensaxes.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	É quen de elaborar creacións plásticas a partir doutras linguaxes	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	É quen de axustar o seu movemento ao dos demais e ó espazo con interese e iniciativa como forma libre de expresión	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	É quen de interaccionar virtualmente a través de diferentes medios e ferramentas dixitais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.- Ampliación do repertorio lingüístico individual.- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.- Respecto polas producións alleas.- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antonio Zabala na súa obra *¿Práctica Educativa. Cómo ensinar?*, dinos que non hai un método mellor que outro en termos absolutos, senón que a bondade dos métodos depende, en último caso, dos beneficios que se conseguen coa axuda pedagóxica no momento preciso. É por iso que a metodoloxía levada a cabo é unha **METODOLOXÍA ECLÉCTICA**, misturando a gamificación, que consiste en aplicar técnicas e elementos de xogo na aula co fin de propiciar a aprendizaxe, motivación e o compromiso do alumnado coa experiencia educativa a través de diferentes retos e elementos do xogo; as técnicas de Aprendizaxe cooperativa de Kagan como o folio xiratorio que veremos desenvoltas nas UDS, traballando os diferentes agrupamentos; a rutina de pensamento *¿Vexo, penso e preguntome?* nas actividades de desenvolvemento; a Filosofía para nenos do Proxecto Noria de Ángela Sátiro e Irene Puig mediante os contos relacionados coa temática de cada unidade; o Proxecto de centro ,que xira en torno á Alimentación saudable e a teoría do Asombro de Catherien L`ecuyer nas actividades de iniciación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible
Material visual: tarxetas, fotografías, radiografías, cartas
Ferramentas tecnolóxicas:
Xogos de taboleiro: memoria, cooperativos, asociación, resolución de conflitos...
Instrumentos musicais
Material da comunidade educativa
Fondos de investigación da biblioteca escolar e da aula

Segundo a Gimeno Sacristán, emprego materiais adecuados ás características do alumnado, sendo o máis diversos posibles e polivalentes, aproveitando incluso nalgúns ocasións os materiais de refugallo (Irmáns Agazzi), a robótica para traballar por exemplo a arte, a mesa de luz para traballar palabras ou a app Tiny Tap para un concurso de preguntas. Tamén material visual como é o caso de fotografías e cadros do autor Keith Haring ; empregaremos o ordenador da aula e internet para buscar información, así como os instrumentos musicais para traballar as cancións , aproveitando tamén para traballar o ritmo; traballaremos con diferentes xogos de mesa manipulativos e tamén empregaremos diferentes contos dependendo da temática... e empregaremos diferentes materiais funxibles como pinturas de dedos, acuarelas, plastilina, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo e como tal será global, continua e formativa, segundo o Capítulo IV da Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do 2º ciclo da EI na CAG.

Tonucci di que serve para "Leer la experiencia" e desta forma poderase detectar, analizar e valorar o desenvolvemento do alumnado e as súas aprendizaxes, permitindo mellorar e reaxustar a intervención do mestre. É por iso tamén que a comezo de curso fago unha avaliación inicial, para saber en que momento se atopa o alumnado e cales son os contidos a traballar ou a reforzar, mediante a observación directa e sistemática e, ás veces, tamén empregando as escalas e guías de observación alusivas ás diferentes unidades didácticas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Segundo Pitluk (2007), a avaliación non debe centrarse únicamente no neno ou a nena, senon que debe abarcar todos e cada un dos elementos do proceso, é dicir, avalío por triangulación: o proceso de E/A, a propia práctica docente e a avaliación do alumnado.

En canto á AVALIACIÓN DO ALUMNADO, a técnica máis axeitada é a observación directa e sistemática diaria, analizando as actuacións dos alumnos en xogos, actividades, relacións, cumprimento de normas.... aínda que tamén se empregarán entrevistas coas familias e conversas e análise das producións dos alumnos.

Como instrumentos máis empregados, neste caso destacaremos a avaliación figuro-analóxica (para a autoavaliación), e as listas de control, escalas de observación, o diario de clase, rexistros anecdóticos, rúbricas ou o Portfolio de aprendizaxe (para a heteroavaliación). Así, tamén ó final de trimestre entregarase un boletín ás familias cos progresos dos pequenos.

Os criterios de avaliación para este curso atenderán ós 6 aspectos salientados no artigo 20.6 da xa citada Orde do 25 de xuño de 2009, contando ademais cunhas rúbricas de aprendizaxe para o final de cada trimestre, entendidas por Barberá e De Martín (2009) como ferramentas de valoración empregadas para reflectir o grado de cumprimento dunha actividade. Preséntase como unha táboa de dobre entrada que permite unir e relacionar criterios de avaliación, niveis de logro e descritores. Esta avaliación implica en gran medida unha autoavaliación, que debido á idade dos alumnos só se aplicará en certas rutinas, iniciando así unha cultura e un hábito que se irá consolidando en cursos posteriores.

Criterios de recuperación:

Non proceden para a etapa de Educación Infantil

6. Medidas de atención á diversidade

César Bona di que "Cada neno é un Universo". Dentro da miña aula, ó igual que no mundo, hai gran variedade de personalidades, intelixencias, formas de aprender... É por iso que debo levar a cabo un sistema de ensinanza o máis individualizado posible. A programación terá un carácter aberto e flexible, adaptándose á totalidade dos alumnos, tal e como se establece no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A. de Galicia.

Dentro desta diversidade, hai un neno con retraso global do desenvolvemento e dous máis que acuden a UDIAF 1 día á semana cada 15 días. Ambos os 3 teñen 7 sesións á semana de Pedagogía Terapéutica e o neno con Tea tamén ten 2 sesións coa mestra de AL.

Como cada neno/a ten diferentes intereses, ritmos e capacidades, deseñamos estratexias que garantan esa atención, tales como: modificación dos tempos nas actividades adaptándoos aos ritmos de aprendizaxe, adecuación dos espazos, adaptación das metodoloxías ás necesidades de cada momento, a adecuación das actividades ás diferenzas individuais, prestar máis atención aos procesos que aos resultados ou poñer en práctica unha educación compartida (estreita coordinación entre docentes e familias), entre outras.

Os principios que temos en conta son o de aprender a aprender e aprender facendo, partir dos seus coñecementos previos, a distribución do espazo e tempo atendendo ás súas necesidades e o enfoque globalizador.

Finalmente, en todas as unidades e cando sexa preciso tamén levaremos a cabo actividades de ampliación e reforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal			X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X

Observacións:

"Cada persoa busca a felicidade dunha maneira distinta e por diferentes medios e así fabrica distintas formas de vivir" (Aristóteles, en Abelleira e Amigo, 2009). Dende a escola debemos cultivar o optimismo, expresar gratitude, practicar a amabilidade, procurar un clima de afectividade e seguridade, fomentar o autocontrol e a resiliencia. Por iso, levaremos a cabo diferentes rutinas como a merenda saudable , o aseo ou Mindfulness despois do recreo, que nos servirán para traballar actitudes e hábitos referidos ó descanso, á hixiene e á actividade (fomentando así a Ed. para a Saúde) e a actividade de Aprendizaxe Servizo na UD 7.

Cabe salientar, que a todas estas propostas debemos engadir todas as levadas a cabo tendo como centro de interese as Conmemoracións establecidos na O. do 20 de maio do 2022.. Ademais, para traballar algunhas destas conmemoracións empregamos contos, como por exemplo: "Nin un biquiño á forza", "Artur e Clementina", etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CONTACONTOS	Ao longo do curso temos diferentes contacontos relacionados coa temática que estamos a traballar.			
SAÍDAS	Realizamos unha saída en cada trimestre e unha a final de curso			
CONMEMORACIÓNS E FESTAS	Realizamos as conmemoracións que nos indica a Orde 20 de maio do 2022 do calendario escolar, algunhas a nivel de aula e outras a nivel de centro			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Elementos curriculares presentes nas actividades.
Contémplanse todos os NEAE no deseño das actividades.
Os instrumentos de avaliación son axeitados e eficaces.
Deseño das actividades axeitadas ao alumnado.
Promóvese o desenvolvemento das diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización adecuada das actividades.
Empreganse diversos recursos didácticos.
Promóvese a participación das familias.
Individualiación do proceso atendendo ás características individuais do alumnado.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño das actividades.

Descrición:

Todos estes indicadores son os que se terán en conta para recoller información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e, de ser o caso, para modificalo ou melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación valorarase mediante a realización dunha rúbrica onde se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados